

## **6. USO DOS MÓBILES NO CENTRO.**

Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos para ESO e Bacharelato como mecanismo de comunicación establecida durante a totalidade da xornada escolar: entradas e saídas, tempo de lecer, así como, con carácter xeral, os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares ([Orde do 4 de xaneiro de 2024](#)).

A tenencia, exhibición ou uso do teléfono será considerada unha conduta leve, contraria a convivencia, agás que o uso do móbil implique unha conduta grave (gravación, difusión de imaxes, copia en exames,...).

O móbil será requisado polo profesorado. Neste momento o alumnado deberá apagalo e entregalo ao profesor/a que llo requira.

O profesor/a depositará o móbil no despacho de Dirección ou Xefatura.

O alumnado poderá solicitar o uso dun armariño para gardar o seu teléfono móbil, nas condicións que se regulan nestas NOF.

O teléfono móbil estará permitido con fins pedagóxicos e baixo responsabilidade do profesor que o autorice, unicamente na sesión lectiva indicada por dito profesorado.

Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.

O alumnado de ciclos formativos poderá facer uso dos teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como ferramenta pedagóxica nos períodos lectivos previa autorización do profesorado. Para todos os demais casos, será de aplicación o recollido na [Orde do 4 de xaneiro de 2024](#).

## 13. PROCEDEMENTOS DE COMUNICACIÓN DAS FALTAS DE ASISTENCIA E A SÚA XUSTIFICACIÓN.

### 13.1. Alumnado de ESO e Bacharelato.

A asistencia a clase é obrigatoria.

Os profesorado será responsable de rexistrar no Xade as faltas de asistencia do alumnado.

Cando a xustificación afecte ás clases impartidas por máis dun docente, se centralizará no titor a xustificación. Pola contra, cando a xustificación afecte a unha única hora de clase, a xustificará o docente afectado, sen prexuízo de xustificar dita falta ao titor/a.

En todo caso é imprescindible a coordinación entre os responsables do alumnado, o titor/a e o profesorado dun grupo. Se o titor/a ten coñecemento da ausencia dun alumno/a deberá notificalo ao profesorado o máis rápido posible. Os responsables do alumnado notificarán a ausencia dos seus fillos/as o antes posible.

Aplicarase o protocolo para a prevención e control do absentismo escolar segundo as [Instrucións do 31 de xaneiro de 2014.](#)

Faltas xustificables:

- Citación que implique deber inescusable (con documento acreditativo do tempo necesario).
- Tramitación de documentos oficiais (documentación acreditativa do tempo necesario).
  - Segundo [\*Aclaración da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa:\*](#)
- Asistencia a consultas médicas, enfermidades e /ou indisposicións leves do alumno/a (xustificante escrito e asinado pola nai, pai ou persoa titora ou gardadora legal). No caso de considerar que a falta de asistencia por este motivo non están suficientemente xustificada por se producir de forma recorrente e continuada no tempo, excedendo dos 4 días ao mes, poderase solicitar unha xustificación complementaria.

- Enfermidades ou doenzas crónicas que impliquen faltas de asistencia de forma periódica (informe médico que terá validez máximo por un curso académico).
- Accidente, enfermidade grave ou falecemento de familiares de ata segundo grao: máximo 4 días por suceso (xustificante escrito e asinado polas persoas titoras ou gardadoras legais).

### **13. 1. (Folga)**

En 3º ESO, 4ºESO, Bacharelato, FPB e Ciclos, o seguimento de folga será unha decisión colectiva. As faltas terán carácter de non xustificadas.

## **17. PROCEDIMIENTO A SEGUIR PARA A CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA.**

Con carácter xeral, utilizarase XADE para a comunicación das condutas leves contrarias á convivencia.

A comunicación dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia implica a incoación dun expediente.

Tres partes leves implicarán a convocatoria dunha comparecencia ante Xefatura de estudos.

Trala comparecencia, os parte seguintes suporán a aplicación das medidas d, e, g ou h, do artigo 43, do Decreto 8/2015.

## **19. SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR.**

Seguiranse os modelos normalizados da Consellería: [Novo protocolo educativo](#)